

PROGRAMACIÓN DA ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR: BIBLIOTECA

APERTURA DA BIBLIOTECA FÓRA DO HORARIO LECTIVO DO CENTRO XUSTIFICACIÓN

Xustifícase a importancia desta actividade extraescolar partindo da premisa que considera unha educación de calidade aquela que responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona un incremento da súa calidade de vida, así como a igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Neste contexto é no que recoñecemos a contribución das actividades fóra do horario lectivo para lograr unha formación plena do alumnado.

Esta actividade permite unha maior participación da comunidade educativa á hora de desenvolver valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación. Así mesmo, axuda a promover no alumno un sentimento de pertenza ao centro e ao grupo, axuda a conseguir que adquira unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo de estudo e de lecer.

Na actualidade é fundamental mellorar as relacións entre os alumnos e axudalos a adquirir habilidades sociais e de comunicación. Para conseguir este obxectivo, a asistencia á biblioteca para realizar traballos en grupo, ter un lugar para repasar os contidos ou practicar algúns exercicios, ou tamén buscar e ler algún libro son unha forma distinta á formal de clase de conseguilo e promovelo.

Consideramos que cómpre promover esta apertura do centro cara á comunidade educativa para que o noso alumnado amplíe o seu horizonte cultural, sobre todo polo ritmo de vida actual, que en ocasións non permite acompañar os estudantes a unha biblioteca ou dispoñer dun espazo no fogar no que poidan realizar traballos en grupo ou usar un ordenador.

Por este motivo, esta actividade debe potenciarse dentro da vida do noso centro educativo.

Como actividade extraescolar que é, o seu obxectivo é potenciar a apertura do centro á súa contorna, ás familias, e procurar a formación integral do alumno en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo de lecer.

Esta actividade realizarase fóra do horario lectivo, terá carácter voluntario para

o alumnado e buscará a implicación activa de toda a comunidade educativa. A organización e coordinación desta actividade correrá a cargo do persoal voluntario do Centro Educativo.

OBXECTIVOS

Os obxectivos están acordes co desenvolvemento das competencias clave, de xeito que esta actividade desenvolve estas de maneira diversa. Esta actividade extraescolar persegue conseguir o desenvolvemento das competencias clave pero nun medio distinto ao da clase e en momentos distintos.

Competencias Clave:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia dixital.
3. Competencia para aprender a aprender.
4. Competencias sociais e cívicas.
5. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
6. Conciencia e expresións culturais.

Coa programación desta actividade extraescolar preténdese alcanzar os seguintes **obxectivos**:

1. Promover a participación activa do alumnado nas actividades extraescolares que impliquen unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre e ocio.
2. Facilitar aquelas actividades que completen o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas.
3. Estimular o desexo de investigar e saber.
4. Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
5. Promover no alumnado un sentimento positivo de pertenza ao centro.
6. Mellorar as relacións entre os alumnos e alumnas fóra do ámbito académico e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
7. Complementar os obxectivos académicos.
8. Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.
9. Favorecer e practicar a dimensión lúdica do ensino, procurando evitar a imaxe fría e ríxida que presentan, xeralmente, os centros educativos.
10. Exercer un efecto compensador das desigualdades sociais que provocan

que moitos mozos non teñan posibilidade de gozar dun espazo para o seu tempo de estudo e de lecer.

INFRAESTRUTURA E ESPAZO

A totalidade da actividade desenvolverase na biblioteca, espazo cedido de forma gratuíta polo propio centro educativo. Nalgúns momentos puntuais, poderase utilizar tamén a sala de informática para determinadas actividades.

A biblioteca escolar pódese definir como un centro dinámico de aprendizaxe integrado na escola, para informar, instruír e recrear os usuarios.

As bibliotecas son un reflexo da diversidade de características das comunidades ás que prestan servizos. Polo tanto, estará dotada para satisfacer as demandas da comunidade escolar, axudar a cumprir os seus fins, proporcionar gran variedade de documentos didácticos e lúdicos nos diversos soportes. O espazo servirá como aglutinador dos recursos, como realizar obradoiros de animación a lectura, etc.

PERSOAL REQUIRIDO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O persoal requirido para desenvolver esta actividade é persoal voluntario do centro de ensino e con experiencia neste campo. Este persoal será o responsable de:

- Organizar os recursos dispoñibles do centro.
- Coordinar o funcionamento da biblioteca e facilitar o seu uso polo profesorado, o alumnado e as familias.
- Planificar e desenvolver a formación do alumnado, profesorado e as familias como usuarios.

HORARIO

O horario de apertura da biblioteca será desde as 16:00 ata as 17:15 horas.

Pola estrutura do centro, será preciso que os alumnos cheguen ao centro bastante puntuais. En caso de que un alumno saiba que vai vir máis tarde das 16:00 horas, sería conveniente que o avisase con antelación, para estar pendentes da súa chegada.